






Guías de uso – Signos especiais


 : duración un pouco máis longa ou curta cá indicada.


 : entoación un pouco máis alta ou baixa cá indicada.


 : 1/4 de ton máis agudo ou grave cá nota temperada.

 : son de altura indeterminada.

 : *glissando*.


 : vibrato. Sobre o pentagrama: afinación insegura.


 : mordente superior. Cambio rápido, en ocasións pouco claro, entre a nota principal, a nota superior e de novo a principal.


 : mordente inferior. Cambio rápido, en ocasións pouco claro, entre a nota principal, a nota inferior e de novo a principal.


() [] : non todas as veces, en certas ocasións. Aplicado a compás: con irregularidades (acurtamentos e alongamentos) na execución.


 : *simile*. Prosegue do mesmo xeito.


 : nota de adorno entoada con igual intensidade á da nota principal.


 : notas de adorno entoadas con menor intensidade á da nota principal.

 : nota de adorno entoada con menor intensidade. O seu valor debe ser restado da nota á que está ligado.

 : nota de adorno entoada con menor intensidade. O seu valor non debe ser restado da nota á que está ligado.


 : falta a nota ou grupo de notas indicadas, ou o(s) silencio(s).

 : en ocasións, unha soa sílaba para os dous sons.


 : variantes simultáneas. Dúas cantoras escollen certas notas diferentes. Cando haxa indicada unha repetición musical, trátase das notas escollidas por un mesmo cantor a segunda vez que realiza a melodía.

a) _____ : variante melódica e grupo de notas ás que afecta. Situada enriba da partitura.

b)

 : variante melódica e estrofas nas que aparece. Situada no(s) pentagrama(s) das variantes.

12-14.16.

 : nota final do canto, a súa altura absoluta. Entre corchetes cando non se reproduciu un *la* na gravación orixinal e non se pode determinar con exactitude a velocidade real da interpretación e, polo tanto, a súa altura correspondente.